



REGULAMENTO DO COMEDOR

REGULAMENTO DE COMEDOR

ANPA CEIP IRMÁNS VILLAR





REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

ANPA C.E.I.P. IRMÃOS VILLAR

I- INTRODUÇÃO

II- OBXECTIVOS

- Educación para a saúde
- Educación para a convivencia
- Educación para o lecer

III- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

IV- NORMAS DE CONVIVENCIA

- Hixiene
- Organización e comportamento
- Alimentación
- Tempo libre

V- OBRIGACIÓNS DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DOS ALUMNOS/AS

VI- OBRIGACIÓNS DOS ALUMNOS/AS

VII- PERSOAL DO COMEDOR

VIII-EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE COMEDOR

IX- SOLICITUDES DE INSCRICIÓN E LÍMITE DE PRAZAS

X- FALTAS E SANCIÓNS



I- INTRODUCCIÓN

O comedor escolar, ademais de contribuír á organización da vida familiar, pode considerarse un servizo educativo que ofrece o colexio.

O comedor escolar debe proporcionar a consolidación duns hábitos de saúde e hixiene que os non usuarios deste servizo desenrolan no seu contorno familiar. Tamén debe permitir traballar outros valores como son a solidariedade, a cooperación e a tolerancia.

O comedor escolar deberá cumprir as esixencias establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade alimentaria e en concreto o Regulamento CE 852/2004, de 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, o Real Decreto 3483/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, e no Real Decreto 202/2000, de 11 de febreiro, polo que se regulan as normas relativas aos manipuladores de alimentos.

Por todo o anterior, fíxanse unha serie de obxectivos e normas que marquen as actuacións de todos os que interveñen no servizo de Comedor Escolar.

II-OBXECTIVOS

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

1- Educación para a saúde:

- Fomentar e desenrolar hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta Educación para a Saúde.
- Por en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas en clase.
- Iniciar en gustos variados e na inxestión de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas axeitadas na mesa.

- Desenrolar hábitos no uso axeitado dos útiles relacionados coa comida.
- Adquirir e por en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa
- Interesar as familias nos beneficios que poidan obterse da colaboración conxunta cos Responsables do Comedor, tanto no relativo á saúde do alumno/a como á súa educación nutricional.
- Concienciar a familia dos patróns de conduta adquiridos no comedor do Centro Educativo e a importancia de continuar con eles no fogar.

2- Educación para a Convivencia:

- Adquirir e por en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Espertar no alumnado o espírito de cooperación, implicándoos, segundo as súas posibilidades, nas tarefas de servizo de Comedor: por e retirar o servizo, axuda os máis cativos,...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da comunidade escolar.
- Ser quen de ter un comportamento correcto na mesa.
- Acadar un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliario e útiles de uso alimentario.

3- Educación para o Lecer:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo de Lecer.
- Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan ao desenrolo harmónico da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais tanto dentro do colexio coma aquelas actividades que se realicen fora do mesmo por parte da empresa de comedor.



III- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

1. O Comedor Escolar funcionará durante todo o período escolar. As estratexias de adaptación ao Centro que se programan para os alumnos/as de tres anos ao inicio do curso, esixirán regular o uso do servizo para estes alumnos no período sinalado.

2. Todos aqueles alumnos que precisen Servizo de Comedor teñen que solicitar reserva de praza mediante o impreso que lles será facilitado dende a ANPA durante o mes de maio.

3. O pagamento mensual efectuarase por adiantado, na primeira semana do mes correspondente, mediante domiciliación bancaria, para o cal é preciso que nos faciliten os datos da conta na que se cargarán os recibos. Para elo a encargado do comedor facilitaralles un impreso que deberán cumprimentar.

4. A cantidade a aboar fixarase anualmente mediante acordo entres a empresa de comedor e a ANPA.

5. Considéranse alumnos/as eventuais a aqueles que, excepcionalmente, necesiten facer uso do Servizo de comedor algún día determinado. A prestación do Servizo a este alumnado estará suxeita á dispoñibilidade de prazas. Cada día que desexen usar o Comedor, deberán notificalo chamando ao teléfono da encargado co comedor antes das 10:00 horas.

O abono faráselle á encarga do comedor.

6. O non pagamento de UNHA mensuralidade do Comedor por parte do usuario, así como a morosidade continuada da mesma, poderán se causa de baixa do Servizo de Comedor Escolar, e NON poderán facer uso do comedor nun novo curso (sexan subvencionados ou non), mentres non abonen os pagos pendentos.

7. Para darse de baixa voluntaria do Servizo de Comedor será necesario facelo por escrito á encargada do comedor, antes do día 22 de cada mes. De non ser así, deberá abonarse toda a mensuralidade.



A incorporación ao comedor suporá o abono das mensualidades posteriores á baixa, salvo naqueles casos nos que sexa xustificada por causa maior.

De producirse cambio de fixo mensual a esporádico, este cambio será inamovible.

8. O horario do Comedor será de 14:00 a 16:00 horas durante os meses de setembro a xuño. Por seguridade do alumnado as portas do Centro permanecerán pechadas durante estes horarios. Sen embargo, establécense tres quendas de saída: 15:00 horas, 15:30 horas e 16:00 horas. A falta de puntualidade continuada na recollida do usuario poderá ser causa de baixa do Servizo de Comedor.

Os alumnos/as do segundo e terceiro ciclo de Primaria poderán saír sos no horario elixido, previa autorización dos seus pais por **escrito**. (**Nin as monitoras do comedor nin a ANPA serán responsables dos alumnos/as unha vez que estes saian do centro**). Os demais alumnos deberán ser recollidos na porta polos seus pais.

No caso de que o usuario vaia a algunha actividade extraescolar realizada dentro do centro escolar, os monitores do comedor serán os encargados de deixalo na actividade correspondente.

Os horarios de recollida deben respectarse para non interferir no correcto desenrolo das actividades programadas. Por este motivo, no período de tempo que hai entre eles, non se permitirá a saída do Centro a ningún alumno/a, agás por causa xustificada.

9. Os alumnos non poderán saír do recinto escolar durante o período de Comedor. Se os seus pais veñen a recollelos antes de finalizar o mesmo, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido no Centro: Notificación previa por escrito, presentarse persoalmente a polo alumno e firma do documento existente ao respecto.

10. Se algún alumno fixo do Comedor non se vai a quedar ao mesmo un día determinado tendo asistido a clase, deberá notificalo á encargada/o do Comedor.

11. Os alumnos que non asistan a clase durante unha xornada completa non poderán facer uso do Servizo do Comedor.



12. Cando os nenos/as teñan excursión con comida fora, o servizo de catering preparará un “picnic” para cada neno que o solicite, sempre que a saída non sexa antes das 8:30 h. É obriga dos pais solicitalo polo menos dous días antes para poder solicitarlo á cociña.

13. O menú será único para todos os comensais. Se embargo establecéronse as seguintes *excepcións*:

***Dietas brandas:**

Para alumnos con problemas gastrointestinais transitorios, baixo prescrición médica e avisando antes das 10:00 h. á encargada/o de comedor.

***Alumnos/as alérxicos a alimentos ou que padezan calquera enfermidade ou trastorno somático que precise dunha alimentación específica:**

Presentando un certificado médico autorízase a ditos alumnos/as a utilizar o Servizo do Comedor nos termos dispostos pola normativa anteriormente citada. Non obstante, aqueles alumnos con alerxias moi localizadas poderán facer uso ordinario do comedor, consumindo o menú establecido para todos os comensais, agás os días nos que o menú inclúa algún dos compoñentes ao que son alérxicos, en cuxo caso tomarán un menú alternativo.

Autorízase a facer uso ordinario do Comedor, nas mesmas condicións que os alumnos/as con alerxias moi localizadas, a aqueles alumnos que presenten unha intolerancia alimenticia por razóns “morais”.

14. **Non** se administrarán **medicamentos** durante o Servizo de Comedor. Os pais teñen que regular as tomas dos medicamentos para que non coincidan co horario escolar. En casos excepcionais, deberán entregar o Informe Médico no que conste que é imprescindible que sexa administrado nese período de tempo e firmar o Impreso de administración de medicamentos, que se lle facilitará, eximindo de toda responsabilidade ao persoal do comedor.



15. Todos os meses entregaráselle unha folla informativa co menú diario. Esta información facilitaralles ás familias a preparación da dieta completa dos seus fillos/as, compensando no resto de comidas o inxerido no Comedor.
16. Os alumnos/as de Almorzo disporá dunha bolsa de aseo, na que depositará os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes. Os alumnos/as de Educación Infantil poderán traer un *mandilón* ou similar para protexer a roupa. (Levarannos os venres para lavar e tamén o neceser cos útiles de aseo bucal).
17. Todos os alumnos/as deben respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor: aseo, entrada ao Comedor, conduta e hábitos de comida.
18. O incumprimento por parte dos alumnos/as das Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor, así como o non pagamento das mensualidades, pode chegar a supor a baixa no Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.
19. Para calquera tema relacionado co Comedor, deben dirixirse á ANPA.
20. Poderá facer uso do servizo do Comedor, calquera membro da Comunidade Educativa que o solicite (excluídos país/nais ou titores legais, salvo casos especiais), sempre que existan prazas e abonen o importe da súa comida. A persoa que utilice este servizo, terá que colaborar cos monitores/as no tempo de comedor.

IV- NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR

- **Hixiene:**

1. Os alumnos/as (incluídos os de Educación Infantil) deberán saber comer por si mesmos, facer uso dos servizos e lavarse as mans.
2. Todos os alumnos/as pasarán polos servizos asignados ao respecto para facer as súas necesidades e lavar as mans antes de acudir ao Comedor.



Durante o xantar non poderán ir ao servizo, a non ser por indisposición ou enfermidade e sempre con permiso do/a monitor/a.

3. Non se poderán meter obxectos ao Comedor. As carteiras, libros, abrigos,... deixaranse no lugar destinado a tal fin.

4. Porase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como, o uso do pano de mesa.

5. Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros alumnos/as.

6. Despois de xantar, e antes de ir aos lugares asignados para o lecer, todos os alumnos/as deberán pasar polo servizo, acompañados polas/os súas/seus monitores/as (Educación Infantil).

• **Organización e comportamento:**

1. Á hora da saída do Colexio, os alumnos/as de Educación Infantil, serán recollidos no vestíbulo da planta principal polos/as seus/súas monitores/as, organizándoos en fila para entrar no Comedor.

Os alumnos/as de Educación Primaria sairán co resto dos seus compañeiros e iran sen demora ao Comedor.

Posteriormente irán ao servizo a lavarse as mans e pasarán ao Comedor. Estas acción realizaranse por orden, en fila e calados, baixo a supervisión das/os monitoras/es.

2. A entrada ao Comedor farase por grupos en fila, con orde e tranquilidade, sen correr, sen empuxar aos compañeiros/as nin berrar.

3. Os alumnos/as sentaranse nos lugares que lles serán asignados. Seguindo unha orde de idade aproximada. Estes lugares serán fixos, podendo ser cambiados a criterio das/os monitoras/es.

4. Deberase respectar todo o material e utensilios, sendo os alumnos/as responsables do seu deterioro por mal uso.



5. Deberase permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras nin moverse do seu sitio. Non poderán levantarse.

Para chamar as monitoras, deberán facelo levantando a man ata ser atendidos. Utilizarán “grazas” e “por favor” sempre que sexa necesario.

6. É moi importante xantar nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán aos demais berrando, se non falando nun ton de voz adecuado. Non está permitido falar con alumnos/as doutras mesas.

7. No caso de considerarse oportuno, por razóns estritamente educativas, os alumnos/as colaborarán, na medida das súas posibilidades, co Servizo do Comedor.

8. Os alumnos/as están obrigados a respectar ao persoal laboral (encargada/o, monitoras/es,.....) nos mesmos termos que ao profesorado do Centro: deben obedecerlles y seguir as súas indicacións.

9. Cando se acabe de xantar, agardarán en silencio a que se lles indique o momento da saída, o cal se fará nos mesmos termos que a entrada.

• **Alimentación:**

1. Os alumnos/as deberán adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo as circunstancias, complexión,....).

2. No caso de non poder comer algún tipo de alimento, deberase aportar un Certificado Médico que o acredite.

• **Tempo libre:**

1. Os alumnos/as permanecerán no patio cuberto ou nunha dependencia asignada pola Dirección do Centro, en función da climatoloxía, baixo a supervisión das monitoras/es.

2. Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por elo, aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.



V-OBRIGACIÓNS DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DOS ALUMNOS/AS

Os pais/nais/titores legais de alumnos/as que se acollan ao servizo de comedor:

1. Comprométense a aboar nos prazos establecidos pola empresa que presta o servizo de comedor as cotas estipuladas (dez mensualidades). O non cumprimento da obriga de pago determinará, previa comunicación dos responsables da empresa concesionaria do servizo, a perda do dereito ao uso do comedor.
2. Deberán recoller aos alumnos/as á saída do comedor cun tope máximo das **16:00** horas (tempo no que finaliza o horario laboral do persoal do Comedor). O non cumprimento desta obriga sen causa xustificada determinará, previa comunicación telefónica por tres veces e unha por escrito, que a Xunta Directiva da ANPA poña este feito en coñecemento do Director do Centro por se é un feito irregular ou de abandono, para adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes. (Avisar á Policía Local para que se faga cargo do menor).
3. Non poderán recoller ao alumnado fóra do horario de saída establecido.
4. Respetarán e aceptarán o presente regulamento. De non ser así poderán ser causa de baixa do Servizo de Comedor Escolar.
5. Se algún pai/nai delegara nunha persoa para recoller ao seu fillo/a, deberá comunicalo previamente ao persoal de comedor por escrito.
6. Os pais/nais/titores poderán acceder ás instalacións do comedor acompañados **SEMPRE** por unha monitora, impedíndoselle a entrada sen previo aviso.



VI- OBRIGACIÓNS DOS/AS ALUMNOS/AS

Son obrigacións dos alumnos/as:

1. Seguir sempre as indicacións do persoal que os atende no comedor.
2. Tratar co debido respecto a todo o persoal do comedor.
3. Tratar co debido respecto a todos os compañeiros/as.
4. Antes e despois de comer lavaranse as mans.
5. Falarán en voz baixa na sala do comedor, co fin de non molestar aos demais.
6. Na mesa manterán a debida compostura: non se porán os codos na mesa; non falarán coa boca chea.
7. Non manipularán os alimentos coas mans
8. Non tirarán nada ao chan, o comedor debe manterse limpo
9. Utilizarán correctamente os utensilios: non xogarán con eles; non se empuñará nin se xesticulará con eles; non se fará ruído golpeando os pratos, vasos ou a mesa; non se levará o coitelo nin a pala do pescado a boca.
10. Ao rematar de xantar colocarán ordenadamente os cubertos no prato
11. As sobras de comida recolleranse no prato, nunca quedarán por riba da mesa.
12. Non xogarán na sala de comedor.
13. Rematarán o xantar na sala do comedor, nunca nos espazos de tempo de descanso ou lecer.
14. Non se levantarán da mesa ata que todos rematen ou ata que llo indique o monitor/a.
15. Ao rematar o xantar serán acompañados dos monitores/as que lles indicarán os espazos indicados para descanso ou lecer.
16. Coidarán o material e as dependencias do centro.
17. Respetarán os demais útiles dos usuarios do comedor



VII-PERSOAL DO COMEDOR

1. O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo do comedor, será nomeado pola empresa concesionaria do servizo de comedor e deberá reunir os requisitos e titulación esixidos pola normativa vixente.

2. O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo do comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, realizará as seguintes funcións:

- a) Cumprirá co labor do coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo do comedor escolar
- b) Coordinará tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval do comedor.
- c) Axudará ao alumnado que, por idade ou necesidades asociadas ás condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- d) Informará ao equipo directivo da ANPA do centro, no modelo impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- e) Atenderá o alumnado nos períodos de antes e despois de comer, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo as orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.
- f) En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar, fomentará a colaboración do alumnado a partir de 4º curso de primaria, sen que iso



supoña a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención de dito servizo.

3. Serán os responsables dos usuarios/as durante o horario do servizo de comedor, vixiándoos e coidándoos ata que sexan recollidos polos pais/nais ou monitores de actividades.

4. Establecerán as pautas de actuación dos usuarios/as, educándoos nas normas básicas de comportamento na mesa.

5. Marcarán as directrices de utilización dos espazos a ocupar nas actividades lúdicas.

6. Velarán para que o recinto do centro permaneza pechado, salvo nos horarios de saída.

7. Terán especial coidado para detectar as posibles alerxias que poidan presentar os usuarios e o comunicarán de forma inmediata ao responsable da empresa concesionaria do servizo. Así mesmo controlarán que os alumnos/as con alerxias declaradas comen os menús alternativos.

8. Asistirán e acompañarán os usuarios/as enfermos/as ou accidentados/a. Se algún usuario do comedor sufrise un accidente ou enfermidade, chamarán por teléfono ao pais/nai/titor lega. Se o usuario/a requirise atención médica cubrirá o correspondente parte do seguro de accidentes e de ser necesario establecerán a evacuación ao centro sanitario de urxencias que corresponda, permanecendo co neno/a ata que a familia se faga cargo do menor. Dita enfermidade e/ou accidente comunicárase tamén á Xunta Directiva da ANPA.

9. Conforme se establece no Capítulo X sancionarán as faltas leves, no momento en que acontezan, apercibimento ao alumno/a de forma privada. Baixo ningún concepto e por ningún motivo aplicarán castigos físicos nin ningún outro que supoña vexación moral ou discriminación do usuario/a. en ningún caso privarán, como castigo, da inxestión da ración completa de comida que sexa establecida no menú.



10. Comunicarán por escrito á Xunta Directiva da ANPA as faltas leves, graves ou moi graves que se produzan.
11. Tamén será competencia deste persoal as funcións acordadas no contrato da ANPA coa empresa de comedor.
12. Vixiarán en todo momento que se cumpra o establecido neste regulamento.
13. O persoal de atención aos alumnos/as verá determinado en función do total de alumnos/as segundo a ratio aprobada no DOG 5/3/2007.

VIII- EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE COMEDOR

1. A empresa concesionaria do servizo de comedor deberá enviar á Xunta Directiva da ANPA:

- a) A relación nominal das persoas adultas que se encarguen da prestación do servizo de comedor.
- b) A relación de usuarios/as na que figure o nome e apelidos, dirección, teléfono, idade, curso, nome e apelidos dos pais/nais/titores legais, se presentan algún tipo de alerxia alimentaria, intolerancia a algún tipo de alimentos o algunha enfermidade crónica (asma, diabete, etc.), e de ser requirido para elo, a cota mensual que aboa cada usuario do servizo.
- c) Mensualmente, a relación de menús que se sirve no comedor.
- d) O persoal do comedor estará en contacto coa Xunta Directiva da ANPA, comunicándolle calquera incidencia conforme ao establecido nos Capítulos deste regulamento.



- e) O coordinador ou o responsable de comedor e a Xunta Directiva da ANPA, reuniranse a requirimento de calquera deles, cando exista motivo xustificado.

IX- SOLICITUDES DE INSCRICIÓN E LÍMITE DE PRAZAS

Poden acollerse ao servizo de comedor todos os alumnos/as matriculados no centro que así o soliciten e sempre que haxa prazas vacantes.

O número de prazas de que dispón o comedor escolar do CEIP Irmãos Villar é de aproximadamente 200 comensais. O prezo será o pactado pola ANPA coa empresa adxudicataria do servizo de comedor.

Correspóndelle ao Consello Escolar do Centro a selección e admisión nos caso nos que haxa máis solicitudes que prazas, conforme aos seguintes criterios relacionados por orde de prioridade e sendo requisito indispensable ter feita a reserva de praza no mes de maio:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor durante o curso escolar anterior. (Sempre que se solicitara praza en tempo e forma).
2. Existencia de irmáns usuarios do comedor. (Sempre que solicitara praza en tempo e forma).
3. Alumnado, fillos/as de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditado con certificado de empresa. Tanto familias monoparentais como biparentais. (Sempre que solicitara praza en tempo e forma).
4. Alumnado en situación socioeconómica desfavorable. Preferentemente familias monoparentais. (Sempre que solicitara praza en tempo e forma).
5. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado mediante copia do Título de familia numerosa. (Sempre que solicitara praza en tempo e forma).



6. Alumnado que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado co informe correspondente dos servizos sociais. (Sempre que solicitara praza en tempo e forma).
7. Estar en lista de espera do curso anterior. (Sempre que solicitara praza en tempo e forma).

A concesión da Beca outorgada polo Concello ou outras institucións NON suporá a inclusión do alumno/a no comedor, se este non ten feita a reserva de praza e se axuste á orde establecida neste capítulo.

Os usuarios do comedor que non realicen a reserva de praza en tempo e forma perderán o dereito á mesma.

O alumnado que non obteña praza figurará na lista de espera ordenada segundo os criterios e orde establecido no presente capítulo. No caso de que se producisen vacantes comunicaráselle aos interesados seguindo a orde da lista de espera.

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os pais ou representantes legais do alumnado deberán manifestar o seu desexo de utilizar o servizo de comedor facendo a reserva de praza na ficha que entregará a ANPA no mes de maio ou no caso do alumnado de nova matrícula, facendo constar na solicitude de matrícula. Dita reserva será para o curso completo, de setembro a xuño ambos incluídos.

A solicitude poderase recoller na secretaría ou coa solicitude de matrícula. Dita reserva debe presentarse na secretaría do centro, xunto coa documentación que acredite estar incluído nalgún dos criterios do baremo. O prazo de presentación de solicitudes será do 15 ao 30 de maio para o alumnado matriculado no centro, excepto para o alumnado de nova incorporación ao centro que cubrirá o impreso xunto coa formalización da matrícula.



Unha vez rematado o proceso de baremación e formalizada a matrícula de todo o alumnado de nova incorporación, porase a lista de admitidos/as no taboleiro, así como a lista do alumnado en espera.

X-FALTAS E SANCIONES

1. Faltas leves

a) Considéranse faltas leves:

- 1- Desobedecer levemente as indicacións do persoal de comedor.
- 2- Non lavar as mans
- 3- Entrar ou saír do comedor desordenadamente
- 4- Entrar no comedor con obxectos non permitidos (xoguetes, libros,..)
- 5- Cambiarse de sitio (na mesma mesa)
- 6- Non comer con corrección ou non facer uso axeitado dos utensilios (cubertos, panos de mesa,...)
- 7- Permanecer mal sentados ou bambearse na cadeira
- 8- Facer ruído, berrar ou falar con alumnos/as doutras mesas.
- 9- Levantarse do sitio sen causa xustificada
- 10- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

- 1- Recibir un trato individualizado no que se inclúa o diálogo para a corrección do seu comportamento.
- 2- Amoestación verbal ao alumno/a. En caso de reiteración, comunicación aos pais para programar medidas que faciliten integrar o alumno/a ao comedor.
- 3- Separación temporal do grupo de referencia (ou de mesa de comedor) e integración en outro.
- 4- Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de lecer.
- 5- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.



Estas sancións poderán ser impostas polo persoal do comedor.

2. Faltas graves

a) Considéranse faltas graves:

- 1- Acumulación de tres faltas leves
- 2- Desobediencia grave das indicacións do persoal de comedor
- 3- Saír do comedor sen permiso da monitora
- 4- Deteriorar a propósito ou por ma uso o material propio do comedor
- 5- Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros
- 6- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas

b) Sancións:

Calquera das contempladas para as faltas leves, ademais de:

- 1- Amoestación por escrito o alumnado. Comunicación aos pais.
- 2- Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor
- 3- Comer illado dos compañeiros durante uns días.

Estas sancións poderán ser impostas pola encargado do comedor e serán comunicadas aos pais, á Xunta directiva da ANPA e ao Observatorio da convivencia do centro.

3. Faltas moi graves

a) Considéranse faltas moi graves:

- 1- Acumulación de tres faltas graves
- 2- Saír do centro sen permiso durante o horario do comedor
- 3- Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

Calquera das contempladas polas faltas graves e ademais:



REGULAMENTO DO COMEDOR

1-Expulsión temporal do comedor

2-Expulsión definitiva do comedor

Estas sancións serán impostas pola Xunta directiva da ANPA e serán comunicadas á comisión de convivencia do centro.